

# PLAN DE IGUALDADE

---

IES FERNANDO WIRTZ SUÁREZ

**2019-2020**

## PLAN DE IGUALDADE

### ÍNDICE:

1.	INTRODUCCIÓN.....	3
2.	MARCO LEXISLATIVO.....	5
3.	ANÁLISE DIAGNÓSTICA DO CENTRO.....	6
4.	OBXECTIVOS .....	7
5.	ACTUACIÓNS.....	7
6.	TEMPORALIZACIÓN.....	9
7.	AVALIACIÓN .....	10
8.	ANEXOS	
	8.1 OBRADOIROS.....	11
	8.2 RECURSOS.....	16

## 1. INTRODUCCIÓN

Na nosa sociedade, a pesar da loita a favor da igualdade, aínda quedan moitos obstáculos que vencer. O peso de tradicións e estereotipos sexistas sobre o rol da muller segue persistindo nalgunhas familias; condicionando a vida das mulleres no tocante ó papel que desempeñan, as súas expectativas e a toma de decisións.

Tamén nos atopamos con problemáticas como a discriminación e a violencia contra a muller, que persiste como lacra ó ideal de sociedade xusta e igualitaria esperada.

No IES Fernando Wirtz Suárez consideramos que a educación en igualdade entre homes e mulleres é, todavía, unha necesidade pese ó recoñecemento legal de dita igualdade. As desigualdades por razón de xénero e as actitudes e comportamentos machistas seguen manifestándose en diferentes ámbitos e aspectos do noso día a día.

A perspectiva de xénero debe estar presente en todas as actuacións educativas, tendo como fin facer visible a diversidade como factor enriquecedor, facilitando o recoñecemento das desigualdades e da discriminación de xénero existentes, salientando o empoderamento das mulleres e a súa contribución ó desenvolvemento das distintas sociedades, especialmente na nosa.

Dende a comunidade educativa debemos intervir en prol dun trato igualitario e un ensino baseado na coeducación; polo que a educación para a igualdade entre homes e mulleres debe estar presente en todos os elementos que interveñen no proceso educativo, tanto nos contidos académicos como na práctica diaria do profesorado e nas relacións interpersoais da comunidade.

Educar no respecto á igualdade e á diversidade afectivo-sexual forma parte inherente da formación integral da infancia, ligada a valores clave como son a igualdade, a pluralidade, a diferenza e o respecto.

En liñas xerais, os principios de intervención do noso centro, así como as actuacións e fins que conforman o presente Plan, fundaméntanse nos artigos relativos á educación que a Xunta de Galicia establece na Lei galega para a igualdade de mulleres e homes, 7/2004, do 16 de xullo:

Artigo 9º O currículo regulador do sistema educativo.

1. A Xunta de Galicia adoptará, dentro das súas competencias, as medidas conducentes a lles proporcionar, tanto ás mulleres coma aos homes, unha educación para a igualdade. Para estes efectos, o currículo regulador da práctica docente de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo adaptarase ás seguintes especificacións relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación:

1. A comprensión do valor constitucional da igualdade entre ambos sexos como obxectivo de especial atención, sen que, en ningún caso, se admitan contidos, metodoloxía ou criterios de avaliación transmisores, directa ou indirectamente, dunha distribución

estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

2. O enriquecemento do contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.

3. A adquisición, en alumnos e alumnas, dos coñecementos e das actitudes necesarias que lles permitan, cando acaden a madurez, atender as súas propias necesidades domésticas e os labores familiares compartidos, inclusive as cargas parentais e a atención de familiares que, por dependencia, necesiten a asistencia doutras persoas, mulleres ou homes.

4. O fomento das vocacións femininas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentadas as mulleres e o fomento das vocacións masculinas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentados os homes, buscando evitar as decisións profesionais derivadas de prexuizos.

5. A garantía da coeducación na Comunidade Autónoma de Galicia dentro das súas competencias propias.

2. A Xunta de Galicia incluírá nos programas de formación do profesorado, como materia específica, a igualdade e a violencia de xénero.

#### Artigo 10º Erradicación de prexuizos nos centros docentes.

1. Non se admitirán, no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuizos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

2. De forma directa, as docentes e os docentes non permitirán ningunha forma de machismo e de misoxinia que puidese existir no seo da comunidade escolar e, nomeadamente, entre nenos e nenas e adolescentes, aplicarán activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres.

Con tales efectos, nos regulamentos internos dos centros educativos, deberán explicitarse as medidas de corrección ou sanción de comportamentos sexistas.

## 2. MARCO LEXISLATIVO

### **Ámbito estatal**

- Constitución (artigos 9.2 e 14)
- Real Decreto 1686 /2000 do 6 de outubro
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei 3/2007, do 15 de marzo
- Lei orgánica 3/2007 do 22 de marzo. Título IV (artigos 23 e 24)

### **Ámbito autonómico**

- Estatuto de Autonomía de Galicia (1981). Artigo 4.1
- Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de homes e mulleres.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia (2014)
- Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro: Convivencia e participación da comunidade educativa
- Decreto lexislativo 2/2015 de 12 de febreiro. Capítulo IV: A educación e a formación para a igualdade entre homes e mulleres
- Decreto 86/2015 do 25 de xuño: Currículo educación secundaria e bacharelato
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero (abril 2016)

### 3. ANÁLISE DIAGNÓSTICA DO CENTRO

O IES Fernando Wirtz está situado dentro dun contexto urbano, nunha das vías de entrada a cidade moi próximo á estación de tren e a de autobuses. Esta ubicación favorece a asistencia ao centro de alumnado non só da cidade, senón tamén das comarcas veciñas, especialmente na etapa de formación profesional.

O centro oferta as ensinanzas de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato (Ciencias e Ciencias Sociais e Humanidades), Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior (familias profesionais de Informática e Comunicacions e Administración e Xestión), e Formación Profesional Básica (Informática e Comunicacions), cunha matrícula próxima a 1.500 alumnas e alumnos e unha plantilla de 110 docentes.

Destacar a diversidade do alumnado, especialmente na etapa da Educación Secundaria Obrigatoria, con alumnos e alumnas procedentes do estranxeiro, especialmente de países hispanoamericanos (Brasil, República Dominicana, Venezuela, Cuba) pero tamén de países asiáticos, europeos e de África.

No IES Fernando Wirtz Suárez entendemos a educación en igualdade como un estilo educativo, un proceso de transformación social para a convivencia entre os sexos sen opresión e fundamentada nunha relación de xustiza e respecto; polo que abogamos por unha formación integral para a efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Da análise de necesidades do centro salientamos:

- Revisión e modificación dos documentos e cartelería do centro que non están elaborados íntegramente en linguaxe inclusiva.
- Formación específica do profesorado en materia de igualdade.
- Información ás familias sobre recursos sociocomunitarios para a prevención e asistencia ante situacións de violencia de xénero.
- Sensibilización e actividades formativas específicas para incentivar a corresponsabilidade doméstica e os labores familiares compartidos, para garantir a paridade nos cauces de decisión, responsabilidade e participación en igualdade de condicións.

#### 4. OBXECTIVOS

- Fomentar un uso inclusivo e non sexista da linguaxe oral e nas comunicacións e documentos escritos.
- Informar e concienciar sobre materia de xénero: diversidade de identidades, orientacións sexuais, modelos diversos de familia.
- Procurar o trato igualitario nas diferentes actividades tanto lectivas como extraescolares, estimulando o respecto ás persoas sen discriminación por razón de sexo, relixión, cultura ou raza.
- Continuar coa a distribución paritaria nas aulas e os traballos colaborativos entre rapazas e rapaces.
- Realizar accións de sensibilización, formación e implicación da comunidade educativa en materia de igualdade de xénero, prestando atención especial á corresponsabilidade.
- Promover actuacións de prevención da violencia de xénero.
- Planificar unha intervención axeitada ante posibles casos de violencia de xénero no ámbito educativo.
- Explicitar nas Normas de Organización e funcionamento as medidas de corrección ou sanción de comportamentos sexistas.

#### 5. ACTUACIÓNS

As diferentes actividades e intervencións coeducativas programadas neste plan pretenden abarcar diferentes ámbitos e axentes socioeducativos: alumnado, familias, comunidade educativa e entorno sociocomunitario:

- Integración da perspectiva de xénero e uso dunha linguaxe inclusiva e non sexista nos documentos e programacións de centro, recursos e material didáctico, páxina web, cartelería e comunicacións coas familias.
- Especificación no Plan de Covivencia da intolerancia cara actitudes machistas, sexistas e/ou misóxinas e as consecuencias ante estas condutas.
- Ampliación no Plan de Orientación e Acción Titorial de obradoiros e actividades para a formación sensibilización en igualdade: **(Ver anexos)**

- ✓ Obradoiros e dinámicas grupais para o traballo de valores: igualdade, respecto e corresponsabilidade.
- ✓ Prevención e recursos ante a violencia de xénero: detección e abordaxe de condutas machistas e situacións de abuso.
- Formación en Igualdade para o profesorado:
  - ✓ Diversidade de identidades de xénero.
  - ✓ Información sobre protocolo de cambio de xénero.
  - ✓ LGTBI e orientacións sexuais.
  - ✓ Modelos diversos de familias.
  - ✓ Formas de convivencia.
- Criterios para establecer agrupamentos do alumnado.
- Disposición na biblioteca do centro dun catálogo de libros, manuais e material audiovisual que inclúa a temática da diversidade sexual, que se adecúen á finalidade do respecto e a dignidade para a ampla diversidade que existe dentro do seo da condición humana.
- Publicación na páxina web do centro de novas, recursos ou actividades relevantes para o traballo en prol da igualdade entre mulleres e homes.
- Elaboración dun catálogo de recursos bibliográficos, audiovisuais e sociocomunitarios que aborden a educación para a igualdade e a prevención ou tratamento na violencia contra a muller. **(Ver anexos)**
- Celebración de actividades informativas e de sensibilización nas datas conmemorativas relacionadas coa igualdade de xénero: **(Ver anexos)**
  - 8 de marzo: día da muller traballadora: “Mulleres na Historia”
  - 25 de novembro: Día contra a violencia de xénero.
  - 17 de maio: Día contra a homofobia, bifobia e transfobia.



## 6. TEMPORALIZACIÓN

Primerio trimestre	<p><b>25 de novembro:</b> Día contra a violencia de xénero. Concurso de relatos</p>	Todo o centro
	Videoforum: <b>“Te doy mis ojos”</b>	3º e 4º ESO
	Charla <b>“Que é o feminismo?”</b> elaborada polo alumnado en titoría.	1º e 2º ESO
	Obradoiro e Role-playing sobre relacións afectivas: <b>“Desmontando estereotipos”</b>	FP básica
Segundo trimestre	8 de marzo: día da muller traballadora <b>“ Proxecto: Mulleres na Historia”</b>	Todo o centro
	Teatro foro <b>“Vestido de Voda”</b>	Todo o centro
	Obradoiro <b>“Somos dous, eu tamén conto</b> (relación sas de parella). <b>CIM</b>	3º e 4º ESO
	Obradoiro <b>“Libres de etiquetas”</b> (Socialización diferenciada). <b>ATALAIA</b>	1º e 2º ESO
Terceiro trimestre	Obradoiro <b>Saúde Afectivo-sexual AGASEX</b>	3º ESO
	Obradoiro <b>“Nin máis nin menos, só diferentes”</b> (socialización sobre as diversidades existentes) <b>CIM</b>	1º ESO
	Dinámica sobre estereotipos: ¿Que significa facer algo <b>‘Como unha nena’?</b>	2º ESO

## 7. AVALIACIÓN

Mediante a avaliación inicial establecemos un diagóstico de necesidades do centro no relativo á materia de igualdade e recollemos información para coñecer as persoas ás que se dirixe a formación, as súas expectativas, intereses, coñecementos e actitudes.

Dita avaliación levouse a cabo mediante:

- A observación da dinámica de convivencia e clima relacional do centro.
- Revisión dos diferentes documentos e programacións.
- Análise de información e aportacións de diferentes membros da comunidade educativa.

Desta análise de necesidades derívanse os obxectivos e planificación de actividades reflexadas no presente plan de igualdade

Entedemos que é preciso un modelo de avaliación continua, global e basicamente cualitativa, posto que se trata de avaliar un proceso que vai desde a planificación inicial das accións formativas ata a finalización destas.

É global porque abarca todos os factores que interveñen: os formadores e formadoras, as alumnas e alumnos, os métodos e técnicas e o mesmo proceso de ensino-aprendizaxe.

É basicamente cualitativa posto que a formación en igualdade de oportunidades inclúe coñecementos e habilidades, pero tamén o traballo con actitudes, como parte esencial do mesmo.

A avaliación continua nos permite establecer a retroacción informativa necesaria para ir regulando o proceso educativo, en canto ao cumprimento de obxectivos, adecuación de técnicas e estratexias, e coñecemento das individualidades do grupo en formación.

Ao longo da actividade formativa: mentres se desenvolve esta, é importante valorar a adecuación das actividades, os métodos e as relacións que se establecen na aula entre todas as persoas (profesorado e alumnado) para darse conta de como avanza o programa formativo.

Ao final do proceso formativo, permite analizar o cumprimento dos obxectivos pero tamén revisar como transcorreu todo o proceso, e mellorar futuras intervencións.

A avaliación da consecución de obxectivos previstos realizarase a través de:

- Observación participante no desenvolvemento das actuacións que compreden o plan.
- Cuestionarios de satisfacción para diferentes axentes implicados/as (alumnado, profesorado, familias) nas distintas actividades.
- Valoración do impacto do Plan de igualdade na dinámica do centro.

## **OBRADOIROS:**

### **Videoforum: “Te doy mis ojos”**

Esta actividade está orientada a explicar e reflexionar sobre a violencia de xénero e o entramado que dificulta saír deste círculo de violencia machista (fases na relación de maltrato, aspectos psicosociais). Para detectar e previr posibles relacións abusivas e aportar recursos de axuda ás persoas afectadas desta problemática.

#### Obxectivos:

- Clarificar e evitar a confusión entre a idea do amor con cuestións como o poder, a dependencia, a falta de autonomía que se produce en determinadas relacións.
- Visualizar cómo o maltrato pode darse de diversas formas e non só, nin exclusivamente, a través da violencia física.
- Analizar as formas de xustificación que levan a algúns homes a exercer a violencia contra as súas parellas.
- Entender por qué unha parte importante das vítimas de violencia de xénero continúan coa súas parellas despois dos primeiros episodios de maltrato.

#### Contidos:

- As formas que adopta o maltrato.
- As razóns das mulleres vítimas da violencia de xénero para continuar coas súas parellas.
- Contextos sociais que favorecen o maltrato cara as mulleres.
- Diversas formas de entender a masculinidade.
- As formas de axudar á muller vítima de violencia de xénero.
- A posible recuperación dos homes maltratadores.

### ***Libres de etiquetas:***

Este taller trata de favorecer que as mozas e os mozos poidan desenvolverse e relacionarse libres de prexuízos, estereotipos de xénero, presións sociais e mediáticas vinculadas co xénero que dificultan unhas relacións interpersoais entre ambos os sexos saudables e en igualdade.

Obxectivos:

- Proporcionarlle ao alumnado coñecementos que lle permitan analizar e contrastar de maneira crítica o que se espera das mozas e dos mozos en función do seu sexo e dos valores e contexto cultural no que se desenvolven.
- Achegarlle estratexias ao alumnado que lle permitan discriminar e valorar as consecuencias positivas e negativas que respecto do seu desenvolvemento exercen os diferentes axentes de socialización (especial fincapé no grupo de iguais e redes sociais).
- Facilitarlle ao alumnado a análise crítica ben de contidos audiovisuais mostrados polos medios de comunicación, ben de contidos asociados ás redes sociais tanto pola importancia que teñen na construción da súa identidade persoal e social como polo modelo de relacións de parella/noivado que fomentan.

Contidos:

- "Etiquetadas e etiquetaxes" (etiquetas de xénero)
  - Os estereotipos e roles de xénero
  - A socialización diferencial de xénero: axentes socializadores. Especial consideración do grupo de iguais e do papel das redes sociais
- Construción mediática da identidade
  - Publicidade sexista
  - Música, cinema e series de televisión con contidos sexistas
  - Redes sociais e identidade

### ***TALLERES de saúde afectivo-emocional e sexual***

Programa educativo composto por Talleres sobre Saúde Afectivo-Emocional e Sexual desde unha perspectiva de xénero nos que se traballa e reflexiona sobre as diferenzas de valores emocionais, afectivos e sexuais que nos transmiten segundo sexamos mulleres ou homes e as repercusións que estas diferenzas teñen nas nosas vidas.

A través destes talleres ofrecemos ferramentas educativas para promover unha sexualidade igualitaria, libre, sa e pracenteira. Non existe unha sexualidade normal, acomodada ou correcta. Só hai unha regra para unha sexualidade saudable; o respecto cara a unha mesma e a un mesmo e ás outras persoas.

Destacar tamén que ao realizar estas actividades en coordinación co centro escolar potenciase a sensibilización do profesorado en relación coa importancia da educación afectivo sexual desde a perspectiva de xénero e a súa normalización dentro das aulas.

Obxectivos:

- Crear un espazo onde poder falar con liberdade, nun clima de confianza e desde a igualdade de xénero, arredor do tema das emocións, afectividade e sexualidade.
- Facilitar a revisión e o cuestionamento de mitos e conceptos falsos relacionados coa expresión de emocións e sentimentos.
- Previr condutas sexistas traballando a corresponsabilidade.
- Incidir sobre temas vinculados aos dereitos sexuais e reprodutivos.
- Cuestionar determinadas actitudes sexuais e afectivas (como poden ser as homófobas ou sexistas), potenciando a aceptación e o respecto como base para unhas relacións positivas entre as persoas desde a igualdade de xénero.
- Dotar de recursos e orientar para unha correcta toma de decisións e para a asunción das responsabilidades en relación coa propia persoa e cara ás demais.
- Favorecer a prevención de condutas de risco.
- Aprender a xestionar os conflitos entre desexos, valores, normas sociais e culturais.
- Proporcionar unha relación de recursos e servizos de interese para a mocidade en relación aos temas afectivo-sexuais.

Contidos:

Articúlanse arredor de diferentes eixes, tendo sempre como punto de partida, tanto os intereses de cada grupo, como os dereitos da persoa e as súas responsabilidades. Abórdanse as consecuencias que ten unha educación afectiva que se fai de modo diferente segundo se dirixa aos mozos ou ás mozas e que perpetúa no conxunto da sociedade diferentes expectativas segundo o xénero.

### ***Somos dous, eu tamén conto (relacións sas de parella)***

Este taller trata de contribuír a que o alumnado tome conciencia e desenvolva unha actitude analítica e crítica fronte á discriminación por razón de xénero e fronte á violencia de xénero.

Obxectivos:

- Facilitarlle ao alumnado a identificación das situacións nas que se produce discriminación por razón de xénero e situacións de violencia de xénero.
- Traballar co alumnado estratexias que potencien actitudes críticas de análises e críticas fronte ás desigualdades e a violencia de xénero, favorecendo o desenvolvemento de habilidades de comunicación necesarias para unha resolución de conflitos non violenta: escoita activa, expresión de sentimentos e emocións, empatía, asertividade.
- Incidir sobre as actitudes e condutas positivas do alumnado nas que se constate a existencia dunhas relacións afectivo-emocionais saudables nunha relación de parella ou noivado e a erradicación de mitos e estereotipos prexudiciais nas mencionadas relacións.

Contidos:

- "O amor non é cego" (O amor romántico)
  - Os mitos do amor romántico
  - Relacións afectivo-emocionais saudables
  - Formas de evidenciar situacións saudables e non saudables nas relacións de parella
- "O bo trato fronte ao mal trato e a educación emocional"
  - A discriminación e a violencia de xénero
  - A violencia de xénero, unha problemática social
  - A educación emocional e a construción de relacións interpersoais e de parella positivas

## **Teatro foro: "Vestido de voda"**

"Vestido de voda" é unha peza teatral muda de dez minutos de duración. Arredor da peza lévase a cabo unha actividade de reflexión sobre as relacións de parella a través do teatro-foro.

Este teatro procura a interacción entre o escenario e o patio de butacas, convertendo o público no verdadeiro protagonista e permitindo así unha aprendizaxe activa.

Iníciase cunha representación teatral de dez minutos de duración na que se mostra unha relación non igualitaria entre un home e unha muller, en busca do amor. Tras a peza teatral, unha educadora social fomenta que se lles realicen preguntas do público aos personaxes sobre os seus sentimentos, a súa relación etc., promovendo así a perspectiva crítica.

Nunha segunda parte, os personaxes abandonan a escena para iniciar un debate co público.

Para finalizar, unha vez que o público debateu sobre a situación representada na obra, por que non cambiala? Así, o público poderá intentar as variacións que estime oportunas para cambiar o final da historia.

O obxectivo xeral desta proposta é contribuír á promoción de relacións de bo trato e á prevención da violencia de xénero a través de procesos de sensibilización e reflexión colectiva arredor deste tema.

## **8 de marzo: Concurso de Youtubers: "Mulleres na Historia"**

Concurso de vídeos informativos elaborados polo alumnado do centro, a modo de "youtubers" nos que se exporá a biografía de mulleres relevantes na Historia: como exemplo de empoderamento, profesionalidade, éxito; ou que destacaran polos seus logros, a súa loita e rebeldía para demostrar a súa valía.

Tras a exposición celebrárase un concurso, para incentivar a participación da comunidade educativa, no que se escollerá a mellor montaxe para a conmemoración deste ano.

Esta actividade ten como finalidade visibilizar o papel das mulleres e das súas contribucións á historia do progreso da humanidade.

<b>RECURSOS: MATERIAL BIBLIOGRÁFICO, AUDIOVISUAL E TECNOLÓXICO PARA A EDUCACIÓN EN IGUALDADE</b>
--

➤ **Películas**

- Te doy mis ojos (2003) Pilar fuxe de casa tras nove anos de matrimonio. A película trata as relacións de parella e o entorno familiar e laboral, marcadas polo drama da violencia contra as mulleres.
- Billy Elliot (2000): Billy é un neno británico que sinte pasión polo ballet, a pesar de non ter o apoio da súa familia. Aborda os elementos básicos no desenvolvemento integral do adolescente: a identidade de xénero e a educación emocional.
- Erin Brockovich (2000): Basada en feitos reais, Erin, a pesar de ter unha vida con dificultades e sen recursos económicos, enfréntase a unha importante empresa. Reflexión sobre temas de coidado e responsabilidade no fogar.
- Quiero ser como Beckham (2002): Dúas rapazas que sinten unha pasión especial polo fútbol; a súa familia hindú non acepta que non cumpra co modelo tradicional de femininidade.
- Million dollar baby (2004): Clint Eastwood dirixe esta película sobre Maggie Fitzgerald, unha camareira que soña con ser boxeadora. Maggie presenta un patrón de muller non acorde co "ideal" feminino, unha transgresora que contribúe ó cambio de percepción das mulleres no deporte.
- Figuras ocultas (2016): Tres brillantes científicas deberán abrirse paso na NASA para demostrar a súa valía. Nun contexto de loita polos dereitos das mulleres e dos afroamericanos en Estados Unidos.
- La chica danesa (2015): Conta a historia de vida real da pintora Lili Elbe, a primeira muller transxénero que se someteu a unha operación de resignación de sexo. Unha reflexión sobre o xénero, os prexucios sociais, a transfobia e a construción da nosa identidade.
- Desayuno en Plutón (2005): Ambientada en Irlanda dos anos 70, narra a historia de Patrick, transexual que sobrevive nun ambiente hostil gracias ó seu inxenio, ó seu encanto e a que non está disposto a que nada nin ninguén o cambie.

➤ **Webs con propostas de películas para educar en igualdade:**

- ✓ <http://entrepasillosyaulas.blogspot.com.es/2012/02/peliculas-para-pensar-sobre-valores-de.html>
- ✓ <http://blog.tiching.com/10-peliculas-para-trabajar-el-dia-mundial-de-la-mujer/>
- ✓ <http://www.expoknews.com/7-peliculas-que-te-dicen-que-es-equidad-de-genero/>



➤ **Bibliografía de lectura para alumnado:**

- ✓ **Guía para jóvenes. Prevención de la violencia sexual y de género** Alba Martínez Rebolledo, María Luisa Rebolledo Deschamps / IMEX, Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, 2018
- ✓ **Siete rompecuentos para siete noches. Guía didáctica para una educación no sexista** Marisa Rebolledo Deschamps con la colaboración del Equipo Ágora. Dirección General de la Mujer. Vicepresidencia. Gobierno de Cantabria. 2009
- ✓ **El viaje. Hombres feministas** Alicia Palmer Sánchez y José Javier Mínguez Sánchez / Fundación Cepaim. Convivencia y Cohesión Social: 2019
- ✓ **Las preguntas más difíciles:** Fundación SEXPOL. 2013
- ✓ **Texto teatral "Compendio de Virtudes"** Fulgencio Valares. Atakama Producciones / Fundación Mujeres: 2015
- ✓ **The Power:** Naomi Alderman. Editorial: Roca. 2017

➤ **Material audiovisual e curtametraxes** (<https://www.youtube.com/watch>):

- ✓ Danza
- ✓ Vuela por mi
- ✓ ¿Por qué?
- ✓ Séis: Non son fada nin princesa
- ✓ Pauliña Chaves: Camiños
- ✓ Encuentra el verdadero amor: Telefonillo
- ✓ Psicóloga Carmen Ruíz Repullo: Historia de Pepe y Pepa.
- ✓ Mireia Ros: Contraseña
- ✓ Encuentra el verdadero amor: Banco
- ✓ Xunta de Galicia: 10 razóns para non practicar sexting: (<http://www.pantallasamigas.net/xunta/nonsexting/>)

➤ **Recursos Online:**

- ✓ **Sexting. 10 Razón para non practicalo**  
<http://igualdade.xunta.gal/gl/campanas/10-razons-para-non-practicar-sexting>

Ferramenta de carácter didáctico elaborada pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia. Contén dez vídeos de curta duración que están sinaladamente dirixidos á mocidade, para informala do sexting e previr a súa práctica, debido ao mal uso que se pode facer deste material, facendo fincapé nos perigos presentes e futuros aos que se poden chegar a expor.

- ✓ **Agresión Off** <http://igualdade.xunta.gal/es/recursos/app-de-agresion>

App institucional, tamén da Secretaría Xeral de Igualdade, deseñada especificamente para previr e prestar apoio en caso de agresións sexuais. Contén informacións útiles e consellos e pautas de actuación:

Decálogo contra a violencia de xénero; que é unha agresión sexual; que facer en caso de ter sufrido ou presenciado unha agresión sexual; a onde acudir; consellos para a túa seguridade. Teléfono de información; teléfono de emerxencia.

- ✓ **EscAPP** <http://igualdade.xunta.gal/gl/recursos/aplicacion-escapp>

APP da Secretaría Xeral de Igualdade que ten por obxectivo achegar informacións de utilidade ás mulleres que sofren calquer tipo de violencia de xénero e a todas as persoas que poidan axudar a rematar con este tipo de situacións. A App discorre a través de varios ítems:

Primeiros sinais do maltrato; qué facer; consellos e indicacións para a túa seguridade; recursos a través do xeoposicionamento; directorio de recursos existentes en Galicia; chamada de marcación directa

- ✓ **Libres**  
<http://www.violenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/informacionUtil/recurso/appLibres/home.htm>

App do Goberno de España, dirixida principalmente a mulleres que sofren violencia de xénero (VX) e tamén a persoas que detecten unha posible situación de maltrato. A través dela pódese: tomar conciencia da situación de VX, informarse dos pasos que seguir, coñecer os recursos telefónicos e físicos para asesorarse, coñecer as medidas de autoprotección e seguridade a utilizar, escoitar testemuñas de mulleres que lograron saír da VX.

## ➤ **LISTAXE DE RECURSOS SOCIOCOMUNITARIOS**

- ✓ **Centro de Planificación Familiar Municipal C/ Tui, 19 15002 A Coruña**
- ✓ **Centro de Información ás Mulleres Barrio das Flores - r/ Hortensias, 11. A Coruña**
- ✓ **Agasex: Asociación Galega para a Saúde Sexual.** Ronda de Nelle, 126, b. A Coruña.
- ✓ **Programa de quenda de garda Social en violencia de xénero:** servizo a disposición das mulleres que sofren violencia de xénero que lles permite contar con apoio e acompañamento social dende o momento inicial da denuncia. Este servizo pode ser activado tanto dende as Forzas e Corpos de Seguridade como dende o ámbito xudicial segundo as instrucións comunicadas.
- ✓ Teléfono de balde atención á muller: 016 e 900 400 273

## ➤ BIBLIOGRAFÍA sobre Igualdade e Coeducación

- ACKER, S. (1995) *“Género y Educación. Reflexiones sociológicas sobre Mujeres, Enseñanza y Feminismo”*. Narcea Ed. Col. Mujeres. Madrid
- ACUÑA FRANCO, S. (coord.) (1995) *“Coeducación y tiempo libre”*. Ed. Popular y Comunidad de Madrid, 1995
- ALTABLE VICARIO, Ch. *“Penélope o las trampas del amor”* (1991). Ed. Mare Nostrum. Madrid *“Educación sentimental y erótica para adolescentes. Más allá de la Igualdad”*(2000) Miño y Dávila Ed. Buenos Aires-Madrid
- ARENAS, M.G. (1996) *“Triunfantes perdedoras: Investigación sobre la vida de las niñas en la escuela”*. Universidad de Málaga e Inst. An. de la Mujer.
- ASKEW, S. Y ROSS, Carol (1991) *“Los chicos no lloran. El sexismo en la educación”* Ed. Paidós Educador. Barcelona
- BALLARÍN DOMINGO, P. (ed.) (1992) *“Desde las mujeres, modelos educativos: Coeducar/Segregar?”* Universidad de Granada. Col. Feminae
- BARRAGÁN, F. (Coord.) (2002) *“Educación en valores y género”*. Díada editora. Sevilla. (coord.) (2001) *“Violencia de género y currículum”*. Ediciones Aljibe. Archidona (Málaga)
- BELAUSTEGUIGOITIA, M., y MINGO, A. (1999) *“Géneros prófugos. Feminismo y Educación”*. UNAM. México
- BLANCO, N. (Coord.) (2001) –*“Educar en femenino y masculino”* Ed. Akal y U.I.A.. Madrid (2000) –*“El sexismo en los materiales educativos de la E.S.O.”*. I.A.M. Sevilla
- FEMINARIO DE ALICANTE (1987) *“Elementos para una educación no sexista. Guía didáctica para la Coeducación”* Ed. Víctor Orenga. Valencia. [www.virtualcervantes.com](http://www.virtualcervantes.com)
- FISAS, V. (1998) *“El sexo de la violencia. Género y cultura de violencia”* Icaria Antrazyt. Barcelona

- GARCÍA, M., y ALTES, E. (1990) *“Catálogo de la Exposición “Mujer y deporte”*. Instituto de la Mujer. Madrid
- GARCÍA-MINA FREIRE, A. (2003) *“Desarrollo del género en la feminidad y la masculinidad”* Narcea, ed. Madrid
- LÓPEZ SOLER, N. ( 2003) *“Curso de educación afectivo-sexual”* Libro de Ejercicios. Libro de teoría. Librería Nogal. A Coruña.
- PALUZIE y TALLE, F. (1908) *“Guía de la Mujer”* Hijos de Paluzie, ed. Barcelona
- PICOT, M.J., TÁRRAGO, P., MORADILLO, F. (2003) *“Educar en la igualdad”. Materiales didácticos sobre la Mujer”*. Editorial CCS. Madrid.
- RODRIGUEZMARTÍNEZ, C. (Comp.) (2006) . *Género y currículo. Aportaciones del género al estudio y práctica del currículo*. Ed. Akal. Educación pública 11. Madrid
- RUBIO, E. (1991). *“Desafiando los límites de sexo-género en las Ciencias de la Naturaleza”* Secretaría de Estado para la Educación. Madrid
- SANTOS GUERRA, M.A. (coord.) (2000) *“El Harén pedagógico. Perspectiva de género en la organización escolar”* Graò. Barcelona
- SANZ BACHILLER, M. (1946) *“Mujeres de España”*. Textos escolares Aguado. Madrid
- SEBASTIÁN, A., MÁLIK, B., SÁNCHEZ, M.F. (2001) *“Orientar para la igualdad en razón del género. Perspectiva teórica y propuestas de actuación”*. Universidad Nacional de Educación a distancia (UNED). Educación.
- SUBIRATS, M. Y BRULLET, C. (1988) *“Rosa y Azul. La transmisión de los géneros en la Escuela mixta”* Instituto de la Mujer. Serie Estudios nº 19. Madrid